

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

14479 *Real decreto 1087/2010, do 3 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as xuntas locais de seguridade.*

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, proclama como ben xurídico que cómpre protexer a seguridade pública, cuxa competencia corresponde en exclusiva ao Estado e o seu mantemento ao Goberno da Nación, coa participación das comunidades autónomas e das corporacións locais nos termos fixados polos seus respectivos estatutos de autonomía, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no marco da citada lei orgánica.

Esta tarefa finalista exige a acción concertada das forzas e corpos de seguridade no seu conxunto, tanto das dependentes do Estado como das comunidades autónomas e das corporacións locais; acción que se debe efectuar a través dos órganos de coordinación operativa que para ese efecto se establecen na propia lei orgánica.

Un de tales órganos de coordinación, que veu demostrando a súa utilidade na procura de fórmulas realistas de colaboración policial con incidencia favorable na seguridade pública, é a xunta local de seguridade, creada polo artigo 54.1 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, instrumento de coordinación que, sentada sobre o elemento da territorialidade do municipio, constitúe un mecanismo capaz de fixar medios e sistemas de relación co obxecto de lograr certa homoxeneidade e facer factible actuacións conxuntas, de colaboración mutua e de cooperación recíproca.

As xuntas locais de seguridade constitúen, asemade, non só os órganos de coordinación operativa, senón tamén informativa, facilitando canles que permitan a colaboración dos sectores sociais e institucionais afectados na correcta planificación da seguridade pública, o que redundará, sen dúbida, nun maior achegamento entre a sociedade e as forzas e corpos de seguridade e, consecuentemente, nunha mellor protección por estas do libre exercicio dos dereitos e liberdades públicas recoñecidos constitucionalmente.

Por outra banda, tendo en conta a complexidade orgánica e a densidade demográfica dalgúns municipios, así como os cambios sociolóxicos experimentados na vida urbana, considérase necesario establecer o marco legal adecuado que posibilite a constitución das xuntas de seguridade de distrito ou equivalentes, como órganos dependentes das xuntas locais de seguridade e con obxectivos concorrentes, aínda que limitados ao ámbito territorial e sectorial que se determine dentro do propio municipio.

A madurez alcanzada no funcionamento regular das xuntas locais de seguridade ao abeiro da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, así como a experiencia adquirida desde entón, aconsellan facer uso da habilitación conferida polo artigo 54.2 da citada norma e establecer o seu marco xurídico.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de setembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento que regula as xuntas locais de seguridade, a que se refire o artigo 54 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Ámbito de aplicación.*

O disposto nesta norma non se aplicará ás comunidades autónomas con corpo de policía propio, con competencia para a protección das persoas e bens e para o mantemento da orde pública, nin aos municipios con regulación especial reflectida en lei estatal ou autonómica.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.29ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento.*

O ministro do Interior poderá ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Dado en Madrid o 3 de setembro de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA

REGULAMENTO POLO QUE SE REGULAN AS XUNTAS LOCAIS DE SEGURIDADE

CAPÍTULO I

Xuntas locais de seguridade

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste regulamento determinar a constitución, composición, competencias e funcionamento das xuntas locais de seguridade, previstas no artigo 54 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.

Artigo 2. *Concepto.*

As xuntas locais de seguridade son órganos colexiados para facilitar a cooperación e a coordinación, no ámbito territorial do municipio, das administracións públicas en materia de seguridade, e aseguran de forma específica a cooperación e a coordinación operativa das forzas e corpos de seguridade que interveñen no termo municipal.

Artigo 3. *Constitución.*

1. As xuntas locais de seguridade poderanse constituír naqueles municipios ou agrupacións de municipios que teñan corpo de policía propio.

2. A súa constitución levarase a cabo mediante acordo do alcalde do municipio e do delegado do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, por delegación deste, do subdelegado do Goberno na provincia, por iniciativa de calquera das ditas autoridades, e para este efecto formalizarase a acta de constitución correspondente.

3. Nos municipios onde non exista corpo de policía local poderase constituír, de mutuo acordo entre a Administración xeral do Estado e o respectivo concello, unha comisión local de seguridade para analizar e avaliar a situación da seguridade cidadá no municipio e promover as actuacións que se consideren necesarias para previr a delincuencia e mellorar a seguridade e a convivencia.

4. A acta de constitución deberá conter, polo menos, a denominación e sede da xunta, o seu ámbito territorial de competencia, que será o do termo municipal, e a súa composición

Artigo 4. *Competencias.*

As xuntas locais de seguridade desempeñarán as seguintes competencias:

- a) Establecer as formas e os procedementos necesarios para lograr unha coordinación e cooperación eficaz entre os distintos corpos de seguridade que exercen as súas funcións e competencias no ámbito territorial do municipio.
- b) Analizar e valorar a situación da seguridade cidadá no municipio. En particular, coñecer, analizar e valorar a evolución da criminalidade e outros problemas que afecten o normal desenvolvemento da convivencia no termo municipal.
- c) Elaborar o plan local de seguridade e impulsar a elaboración de plans conxuntos de seguridade cidadá e de seguridade viaria para o ámbito municipal correspondente, avaliando a súa execución e resultados. Os ditos plans recollerán as formas e os procedementos de colaboración entre as forzas e corpos de seguridade implicados, no ámbito respectivo de cada un.
- d) Propor as prioridades de actuación, as accións conxuntas e as campañas de prevención que contribúan á mellora da seguridade cidadá e da seguridade viaria.
- e) Emitir informe sobre a proposta de participación do servizo de policía local coas forzas e corpos de seguridade do Estado nas funcións de policía xudicial, de conformidade coa normativa vixente e cos acordos de colaboración subscritos entre o Ministerio do Interior e o respectivo municipio.
- f) Avaliar e propor a integración do corpo de policía local no Sistema Estatal de Bases de Datos Policiais, mediante a sinatura do correspondente protocolo entre o respectivo concello e o Ministerio do Interior.
- g) Arbitrar fórmulas que garantan o intercambio fluído de toda a información que poida ser relevante para a seguridade cidadá e o normal desenvolvemento da convivencia no ámbito local, entre as forzas e corpos de seguridade que actúan no termo municipal.
- h) Acordar os plans específicos de colaboración e coordinación que se vaian desenvolver no municipio con motivo da realización de eventos extraordinarios ou outras situacións que aconsellen a adopción de dispositivos especiais, co obxectivo de previr alteracións da orde e garantir a seguridade cidadá.
- i) Promover a cooperación cos distintos sectores sociais, organismos e institucións con incidencia na seguridade cidadá do municipio. Para iso, analizará e valorará os traballos realizados no consello local de seguridade, así como a opinión das diferentes entidades sociais sobre os problemas locais relacionados coa seguridade e a convivencia, co fin de integrar na actuación pública as preocupacións e opinións do tecido social do municipio.
- j) Coñecer, no ámbito das súas atribucións, os conflitos e incidentes de competencia xurdidos entre os corpos de seguridade do Estado e o respectivo corpo de policía local.
- k) Cooperar cos servizos de protección civil, nos termos que se establezan na lexislación e no planeamento en materia de protección civil.
- l) Efectuar o seguimento dos acordos alcanzados, verificando o seu cumprimento e avaliando os seus resultados.

Artigo 5. *Composición.*

1. As xuntas locais de seguridade estarán integradas polos seguintes membros:

- a) O presidente. A presidencia corresponderá ao alcalde, salvo que concorra ás súas sesións o delegado do Goberno na comunidade autónoma ou o subdelegado do Goberno na provincia; nese caso, a presidencia será compartida con aquel.
- b) Vogais da Administración xeral do Estado:

O xefe ou xefes das forzas e corpos de seguridade do Estado que exerzan as súas funcións no ámbito territorial do municipio.

Un representante da Delegación do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, ou da Subdelegación do Goberno no resto.

c) Vogais da Administración autonómica: un representante que será designado pola consellería competente.

d) Vogais da Administración local: tres representantes que serán designados polo alcalde.

e) A secretaría da xunta local desempeñarana alternativamente, por períodos dun ano, un funcionario do concello designado polo alcalde, ou da Administración xeral do Estado, designado polo delegado ou subdelegado do Goberno, con voz pero sen voto.

2. En casos de ausencia xustificada de calquera dos membros da xunta, asistirá ás reunións coas súas mesmas atribucións aquel que o substitúa.

3. Poderán tamén asistir ás reunións das xuntas locais de seguridade, sen participaren na adopción de acordos:

a) Logo de notificación á presidencia:

Os superiores xerárquicos dos vogais membros das forzas e corpos de seguridade que formen parte da xunta.

b) Logo de invitación da presidencia, en razón da especialidade dos asuntos que se vaian tratar nas sesións do dito órgano:

Outras autoridades, funcionarios ou calquera outra persoa que, polas súas funcións, coñecementos ou capacidade técnica, se considere necesario.

4. As comisións locais de seguridade serán presididas polo alcalde e copresididas polo delegado ou subdelegado do Goberno se concorre á súa reunión, e estarán integradas polas correspondentes representacións da respectiva corporación local, da Administración autonómica e do Estado.

Artigo 6. *Réxime de funcionamento.*

As xuntas locais de seguridade poderán establecer ou completar o seu propio regulamento de funcionamento, con respecto ao establecido neste real decreto, rexéndose no non previsto nel pola normativa para os órganos colexiados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Atribucións do presidente.*

Corresponden ao alcalde, como presidente da xunta local de seguridade, as seguintes atribucións:

a) Convocar as sesións e fixar a orde do día, sen prexuízo das propostas que poida recibir de calquera dos vogais. En concreto, estará obrigado a incluír entre os asuntos que se van tratar as propostas realizadas polos representantes estatais e da comunidade autónoma.

b) Dirixir as intervencións e moderar o debate, de maneira compartida cando asista ás reunións o delegado ou o subdelegado do Goberno.

Artigo 8. *Funcións do secretario.*

Correspóndelle ao secretario da xunta local de seguridade o desempeño das seguintes funcións:

a) Efectuar a convocatoria das sesións por orde do presidente da xunta, así como outras comunicacións aos seus membros.

b) Redactar as actas de cada sesión e expedir certificados dos acordos adoptados.

c) Custodiar a documentación da xunta e calquera outra función inherente á condición de secretario, no ámbito das súas competencias.

Artigo 9. *Convocatorias e realización de sesións.*

1. As xuntas locais de seguridade reuniranse en sesión ordinaria polo menos unha vez ao semestre.
2. Cando as necesidades o aconsellen, poderanse reunir en sesión extraordinaria, logo de convocatoria da presidencia, por iniciativa desta ou de calquera dos vogais.
3. As convocatorias das reunións serán efectuadas por acordo da presidencia, acompañadas da orde do día, data e lugar da reunión, e deberanse notificar con dez días de antelación, como mínimo, as de carácter ordinario e con anticipación suficiente de, polo menos, 48 horas, as extraordinarias.
4. A orde do día será fixada por acordo da presidencia coas propostas efectuadas polos demais membros da xunta local de seguridade, formuladas coa suficiente antelación. A esta xuntarase copia da documentación necesaria correspondente aos distintos asuntos que se van tratar.
5. Para a realización das sesións ordinarias ou extraordinarias será necesaria a asistencia á reunión do presidente e do secretario ou, de ser o caso, daqueles que legalmente os substitúan, e a da metade, polo menos, dos seus membros.

Artigo 10. *Adopción de acordos.*

1. As decisións e acordos da xunta local de seguridade adoptaranse por maioría dos seus membros.
2. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que os membros da xunta acorden por unanimidade a súa inclusión con carácter urxente.
3. Das reunións que se realicen elaboraranse a correspondente acta, que será asinada polos membros da xunta que asistisen a elas e cuxo contido quedará reflectido no correspondente libro de actas. O secretario enviará copia da dita acta ao presidente e a cada un dos vogais.
4. Para os efectos de poder analizar e valorar os problemas que teñen unha especial incidencia na seguridade pública e co obxecto da súa eficaz planificación en cada ámbito provincial, a xunta local de seguridade remitirá, unha vez aprobada, copia da acta ao delegado do Goberno ou ao subdelegado respectivo.

Artigo 11. *Deberes dos membros da xunta.*

Os membros da xunta local de seguridade terán os seguintes deberes:

- a) Gardar reserva sobre o contido das deliberacións.
- b) Asistir ás reunións da xunta.
- c) Colaborar e cooperar lealmente, no ámbito da súa competencia, no cumprimento dos acordos da xunta.

Artigo 12. *Órganos de asesoramento.*

1. Como órganos de asesoramento e de apoio á xunta local de seguridade poderanse constituír comisións técnicas para o estudo daqueles asuntos cuxa natureza, especificidade ou complexidade así o aconsellen.
2. A súa constitución deberá ser acordada pola propia xunta, á cal elevarán, para a súa valoración, os informes, propostas e suxestións que emitan.

Artigo 13. *Participación cidadá.*

Con obxecto de lograr a máxima participación cidadá na mellora dos niveis de seguridade pública, poderanse constituír consellos locais de seguridade, aos cales serán convidados representantes de asociacións cidadás, organizacións empresariais, sindicatos e outras institucións ou sectores que conformen o tecido social.

Artigo 14. *Comisións de coordinación policial.*

1. A xunta local de seguridade poderá acordar a constitución dunha comisión de coordinación policial, dependente funcionalmente dela e integrada polos xefes inmediatos dos corpos de seguridade con competencia territorial no termo municipal.

2. A comisión de coordinación policial terá a función de asegurar a coordinación e a execución operativa das accións conxuntas previstas nos plans de seguridade ou nos programas operativos adoptados ou acordados pola xunta local de seguridade, a quen corresponde supervisar o seu desenvolvemento e avaliar os seus resultados.

CAPÍTULO II

Xuntas de seguridade de distrito

Artigo 15. *Constitución.*

Naqueles municipios en que as súas peculiares características demográficas o aconsellen e a súa organización municipal o permita, as xuntas locais de seguridade, por proposta da corporación local, poderán acordar a constitución, baixo a súa dependencia, de xuntas de seguridade de distrito ou órganos equivalentes.

Artigo 16. *Composición.*

As xuntas de seguridade de distrito ou órganos equivalentes estarán compostas por:

Presidente: o concelleiro-presidente da respectiva xunta municipal de distrito.

Vogais: os xefes de unidades policiais con competencia territorial no distrito.

Secretario: un funcionario da xunta municipal designado polo seu presidente, con voz pero sen voto.

Artigo 17. *Funcionamento das xuntas de seguridade de distrito.*

O réxime de funcionamento das xuntas de seguridade de distrito axustarase, dentro das súas peculiaridades, ao establecido nesta norma para as xuntas locais de seguridade.

Artigo 18. *Adopción de acordos.*

Os seus acordos adoptaranse por maioría, e serán ratificados polas xuntas locais de seguridade de que dependan, para o cal deberán remitirles copia da acta de cada sesión realizada.

Artigo 19. *Competencias.*

Exercerán, dentro do seu ámbito, aquelas competencias que lles sexan encomendadas pola xunta local de seguridade, entre as comprendidas no artigo 4 deste regulamento, coa adecuación necesaria ao seu ámbito territorial de actuación.